

## CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 3 de decembro de 2018, adoptou, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO SEGUNDO.- SUSPENSIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO MILLADOIRO (POS 2017).**

**EXPEDIENTE 2018/C005/000005**

Figura no expediente informe proposta de Secretaría municipal do teor literal seguinte:

**Asunto: Informe proposta suspensión licitación**

**Expediente nº: 2018/C004/000005**

**Asunto:** Expediente de contratación sen división en lotes mediante procedemento aberto, varios criterios de adjudicación, suxeito a regulación harmonizada do contrato mixto de subministro, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro. POS 2017.

*En sesión de Xunta de Goberno Local de 25 de outubro de 2018 foi aprobada a licitación do contrato de subministro, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro, por procedemento aberto, varios criterios de adjudicación e suxeito á regulación harmonizada.*

*O anuncio de licitación foi publicado na plataforma de licitación do sector público con data 5 de novembro de 2011*

*Durante o prazo de presentación de ofertas (que remata o día 4 de decembro de 2018), se presenta recurso especial en materia de contratación pola Asociación de Pequenas Empresas Gallegas contra o anuncio e prego de cláusulas administrativas particulares; o dito recurso preséntase o día 26 de novembro de 2018.*

*No escrito de interposición do recurso solicitase a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación.*

*Os efectos de tramitar o recurso especial en materia de contratación presentado, emítese informe pola Secretaría municipal do que se da traslado por acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2018, ó órgano competente para resolver o recurso: o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Con data de 3 de decembro de 2018 recíbese resolución do Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia, resolvendo a medida cautelar solicitada de suspensión presentada pola recorrente.*

*A resolución do Tribunal Administrativo de Contratación adopta a medida cautelar de suspensión da contratación.*

*O artigo 49.4 LCSP establece que salvo que se acorde o contrario polo órgano competente, a suspensión do procedemento que poda acordarse cautelarmente non afectará o prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións polos interesados.*

*Visto o que antecede, considérase mais acalido suspender prazo para a presentación de proposicións dos licitadores ata que resolverse o recurso especial de contratación presentado, para garantir unha maior seguridade xurídica no expediente de licitación e con fin de evitar perxuízos innecesarios tanto ós licitadores como a propia administración local.*

*Ames, 3 de decembro de 2018*

*A secretaria,*

*Rosa Ana Prada Queipo*

A vista do informe transcrito a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguintes acordos:

**Primeiro.-** Suspender o prazo para a presentación de proposicións dos licitadores no expediente de licitación do subministro, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro (POS 2017) ata que resolva o recurso especial de contratación presentado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expediente 133/2018, co fin de garantir unha maior seguridade xurídica no expediente de licitación e con fin de evitar posibles perxuízos innecesarios tanto ós licitadores como a propia administración local.

**Segundo.-** Facultar ó señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 3 de decembro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde  
José M. Miñones Conde



Concello  
de AMES  
SECRETARÍA XERAL

A secretaria